

ERNST BLOCH, O FILOSOFO DA ESPERANZA

O oito de xullo deste ano vai facer cen anos que naceu en Ludwigshafen, Ernst Bloch (Tubinga 1977).

Sen ánimo de facer unha presentación, por outra banda innecesaria, permítome reproducir algúns títulos e afirmacións que se teñen feito sobor de Bloch. Tenselle chamado poeta dialéctico, racionalista carismático, soñador enérxico, profeta, Schelling marxista, místico ilustrado, etc. Martin Walser dicía xa en 1959: “E un herexe incurable, desde a nosa consideración, desde Roma, desde Washington, desde Moscu, desde Berlín Este e Oeste; desde calquer outra óptica seguirá sendo un herexe” (1).

Esta afirmación refírese a insubordinación dos seus soños e das súas ideas e á posición de Bloch como pensador da esperanza nun mundo de sistemas ideolóxicos e políticos pechados.

En canto a súa filiación filosófica din os seus comentaristas alemans que é un “Einzelgänger” (un camiñante senlleiro), un optimista militante.

En poucos casos se ten dado unha identificación tan auténtica e manifesta entre o home e a súa filosofía según aquel aforismo de Fichte: “a clase de filosofía que se teña depende da clase de home que se sexa”.

A Bloch non se lle pode meter en ningunha escola filosófica de xeito que se sinta a gosto nela. No seu pensamento atopamos esta mesma independencia: un tono de rebeldía e un carís herético atravesan a súa obra. Aparece tamén a súa querencia polos herexes, especialmente os da esquerda aristotélica e os milinaristas medievaes.

A pesares desta independencia a filosofía de Bloch non xurde “ex abrupto” senon que fermenta e nace en discusión con uns precedentes ós que depura, continua e sistematiza a súa maneira. Estes precedentes do pensamento de Bloch son plurais e diacrónicos e sen que se sinta inmediatamente ligado a ningún deles. Debemos anotar polo menos os seguintes:

(1) “Über Ernst Bloch” (Colaboración). Martin Walser: “Prophet mit Marx- und Engelszungen”, Ed. Suhrkamp, Frankfurt am Main (1968), p. 14.

A) Marx.— A denominación máis usual que se lle dá a Bloch como filósofo é a de marxista. Isto, sen ser falso, non é verdade sen máis; en primeiro lugar, por a pretensión metafísica que atopamos en Bloch, por a distinta interpretación do fenómeno relixioso e en xeral porque o pensamento de Bloch é máis filosófico e menos positivista e de aí que os marxistas ortodoxos acusen a Bloch de especulativo, idealista e relixioso. Digamos de todas maneiras que Bloch é un grande admirador de Marx, xa que o considera o primeiro filósofo moderno que non resta encadeado do carís estático e contemplativo da filosofía e pode así facer unha ciencia do futuro, do dinámico e realizativo.

B) Hegel.— Bloch presenta unha marca hegeliana no mesmo estilo do seu filosofar enraizado nas correntes ideolóxicas do século XIX alemán e, nisto, é máis xermánico que calquer marxista, precisamente por non esquecer a tradición metafísica tan degradada no marxismo. Isto é o que lle permite a Bloch escribir un libro (“Subjekt-Objekt; Erläuterungen zu Hegel”) que como el mesmo di “non pretende ser un libro sobre Hegel senon desde Hegel, con Hegel e por mediación de Hegel” (2). Trátase dun certo prestixio filosófico que sente escalofrío ante o mecanicismo, por iso Bloch, mesmo como marxista, síntese máis dependente de Hegel que do materialismo da Ilustración.

Quizaves sexa Bloch o marxista que toma máis en serio a dialéctica Hegel, convertíndoa en constitutivo esencial da dinámica cósmica e histórica: todo o existente leva en si mesmo o principio da súa superación porque aínda non é axeitadamente “si mesmo”, todo ser (Sein) ou ter (Haben) está constitutivamente referido a un non-ser ou non-ter e, por tanto, é un non-ser-aínda (Noch-Nicht-Sein). Este ser en canto non-ser-aínda é o principio dialéctico motor de todo o proceso do universo. Anque Bloch filosofa desde Hegel, non é, desde logo, un hegeliano; porque para comezar, cambia o espírito de Hegel por unha especie de alma do mundo que radica na materia e confúndese con ela e vana determinando a través da categoría de posibilidade na manifestación do ser verdadeiramente real que é a materia en troques do espírito.

C) A Esquerda Aristotélica.— A débeda de Bloch con Aristóteles fica reducida as categorías de “materia” e “posibilidade”. Bloch comeza a súa análise desta categoría en Marx; mais, como é a chave de todo o seu sistema de pensamento, rastrea a súa orixe e desenvolvemento a todo o longo da historia do pensamento até ir a parar a Aristóteles onde atopa un xerme que vai desenvolverse na corrente de pensamento que el chama “esquerda aristotélica” (facendo un paralelismo coa corrente hegeliana de esquerda), “de acordo co sentido implícito da definición aristotélica de materia, tanto *existente según posibilidad* —kata to dynaton— (Nach-Möglichkeit-Seiende)... como *existente posible* —dynamei on— (In-Möglichkeit-Seiende)”, sendo así a materia “o

(2) Ernst Bloch: “Subjekt - Objekt. Erläuterungen zu Hegel”. Ed. Suhrkamp, Frankfurt am Main (1962), p. 11.

substrato de posibilidade de proceso dialéctico” (Das Möglichkeits-Substrat des dialektischen Prozesses) (3).

Bloch non pode ficar satisfeito con esta referencia a Aristóteles e o mesmo Filósofo tampouco estaría de acordo con esta maneira de entender o seu pensamento xa que, se ben Aristóteles ofreceu unha base filosófica para unha interpretación dinámica do mundo, este dinamismo non ten lugar en virtude da mesma forza da materia senon en virtude de outro principio que lle é estrano: a forma.

Partindo da concepción aristotélica da materia Bloch segue a súa evolución a través de Estratón, Alexandro de Afrodiasias, Avicenna, Averroes, Avicibrón, Amalrico de Bena e David de Dinant deica Xordano Bruno e Spinoza para pasar xa a Marx sen deixar de atopar certos reflexos en Hegel como cando lle cita esta frase: “Isto que se amostra como actividade da forma é no fondo igualmente o propio movemento da materia mesma” (Dies, was als Tätigkeit der Form erscheint, ist ferner ebenso die eigene Bewegung der Materie selbst) (4).

D) A Escatoloxía Xudeo-cristiana.— Unha certa escatoloxía é natural en todo marxismo mais en Bloch este convértese en tema central, para iso é o filósofo da esperanza. Isto fai que se relacione moi directamente con todo o fenómeno relixioso e de xeito particular co xudeo-cristianismo o que considera como a forma máis pura e esencial do espírito relixioso que introduciu o concepto de esperanza como indicio dun estadio último e definitivo da perfección cósmica e human.

A linguaxe de Bloch ten un caris profético que a veces parece ó de Isaías ou ó de Amós. Trátase de vivir en tensión cara un futuro de xusticia, liberdade e amor nun verdadeiro camiñar cara á “patria definitiva”. E un transcender sen elementos transcendentos que constitúe o nervo de toda a súa obra e que ten a súa representación relixiosa na figura de Xesús de Nazaret.

Un pensador da esperanza

A filosofía de Bloch é a filosofía da esperanza, este é o seu verdadeiro tema. Pero, desde qué presupostos fai esa filosofía da esperanza? ¿Qué maneira de entender o mundo é a que lle permite non soio considerar a esperanza como posible, como algo fundamentado na realidade, senon ademais o sentimento básico e dominante da vida do home onde se fai conscente un determinante constituente de toda realidade?

Clarear parte desta cuestión, anque de forma elemental e reducida é o que vou tratar de facer seguindo tres conceptos mutuamente implicados e fundamentais no pensamento de Bloch: materia, non-ser-aínda e posibilidade.

(3) Ernst Bloch: “Zur Ontologie des Noch-Nicht-Seins”, Philosophische Grundfragen I. Ed. Suhrkamp, Frankfurt a. M. (1961), p. 31.

(4) Ernst Bloch: “Das prinzip Hoffnung”, Ed. Suhrkamp, Frankfurt a. M. (1969), p. 239.

1) *Materia como principio último*

Podemos dicir que a filosofía débelle aos presocráticos o descubrimento do concepto de “principio último” como “arche” de onde todo procede e se forma. Según Bloch, a filosofía débelle a Aristóteles non só o de sinalar con acerto cal é ese principio último senon ademais a explicación da dinámica ó traveso da que todo se realiza mediante ese proceso dende o principio último. “Por necesaria que sexa unha ulterior modificación do concepto aristotélico de materia, o certo é que a grandeza de pensamento, esa grandeza autenticamente proxectada cara ó futuro, coa que Aristóteles soubo esbozar conxuntamente a posibilidade en xeral e a materia, conquire así unha faciana aínda máis productiva” (5).

¿Por qué o concepto aristotélico de materia precisa de unha ulterior modificación?

En primeiro lugar, porque para Aristóteles nada provén da materia soa, ó ser pensada esta como pura potencia pasiva indeterminada e amorfa que ven a ser configurada por outro principio alleo a materia que é a forma. Este segundo principio ha de ser reducido ó primeiro pensando como configuración material da materia e o carácter pasivo da materia ha de ser trasmutado como activa potencialidade.

Dinos Bloch: “En terceiro lugar a materia ha de ser definida así: non é un tarugo mecánico, senon —según o sentido implícito da definición aristotélica de materia— tanto o existente según posibilidade (*Nach-Möglichkeit-Seiende*), *kata to dynaton*, por tanto, aquilo que pode aflorar según as condicións de cada momento histórico, determinado de modo histórico materialista, como o existente en posibilidade (*In-Möglichkeit-Seiende*), *dynamei on*, por tanto o correlato do obxectivo real posible ou de modo puramente ontolóxico o substrato de posibilidade do proceso dialéctico” (6).

Estes dous conceptos aristotélicos: “*dynamei on*” e “*kata to dynaton*” según a interpretación do noso autor, a traveso de desenrolo á que deron lugar na esquerda aristotélica, van ser centrais no pensamento de Bloch. Non vamos a seguir aquí esa evolución a través da esquerda aristotélica. Digamos só que Avicena insiste no carácter increado e orixinario da materia, cedéndolle parte da realidade eficiente. Averroes vai máis lonxe e afirma sen máis que o movemento circular do ceo é o que fai xurdir as formas a partir da materia onde se atopan dende a eternidade, non sendo a evolución máis que un proceso de “*eductio formarum ex materia*” e convertindo así a materia en “*natura naturans*”.

O primeiro momento (*dynamei on*) é o que aporta a eficiencia, a dinamicidade, a enerxía en canto motor do cambio e da evolución; mentres o segundo (*kata to dy-*

(5) Ernst Bloch: “Avicena y la izquierda aristotélica”, Ed. Nueva Ciencia, Madrid (1966), p. 60.

(6) Ernst Bloch: “Das Prinzip Hoffnung”, p. 272.

naton) é o elemento determinante, o que marca a dirección do cambio e en que este ha de consistir de acordo coa situación presente e o grado de desenrolo na determinación da materia xa acadado previamente.

A materia sería así “ser en potencia, existente según posibilidad”. Bloch vai transformar a potencia aristotélica en potencia activa como “dynamis” e a eliminar o carácter de oposición entre materia e forma. Dende agora, a materia tende á forma, apetece a forma e incluso o cambio de forma que non procede máis que da materia mesma. A materia na súa esencial dinamicidade configúrase a si mesma según distintas formas. O ser en potencia convírtese así en motor inmovil, no principio último que explica toda mutación.

Por unha banda, a materia é a fonte de toda actividade, de toda dinamicidade e de toda capacidade. “A materia é considerada por Bloch de modo esencialmente activo. Non se lle atribue só un certo grado de colaboración senón a total produción; non vén caracterizada pola possibilidade pasiva senón que polo contrario sonlle propias a realización e a execución de novas posibilidades” (7).

Por outra banda, a materia contén o estatuto do desenrolo de esa dinamicidade. En cada paso da súa evolución posibilita e determina o seguinte de modo que en cada momento se autopotencia para unha ulterior manifestación máis adecuada de si mesma. A materia condiciona o seu ulterior desenrolo a través das formas que van emerxendo sucesivamente no tempo.

Bloch ve o posible-real como o parcialmente condicionado, aquilo que xa está prefigurado na realidade presente anque falten aínda algunhas condicións para a súa realización, de modo que será real en canto se dean estas condicións. A situación presente cos posibles-reais que permite en canto condicións xa realizadas constitúen o estatuto de desenvolvemento da dinamicidade da materia, son o “kata to dynaton” da definición aristotélica.

A conclusión máis inmediata é que a materia ten como determinación intrínseca primaria o “ser proceso”. De unha forma poética mais moi significativa fala Bloch da materia como “útero de fecundidade” do que proceden de modo incesante todas as formas do mundo. “Die Materie ist die reale Möglichkeit zu all den Gestalten, die in ihrem Schoss latent sind und durch Process aus ihr entbunden werden” (8). (A materia é a possibilidade real para todas aquelas formas que están latentes no seu útero e que serán desenvolvidas a partir de el a través do proceso). E algo así como un núcleo de pura enerxía contida que se explicita en múltiples formas sen que ningunha delas sexa expresión perfecta da riqueza da materia. Por iso, todas as formas son transitorias porque levan en si un factor de inadecuación ou privación. A materia tende a manifestarse ou explicitarse de forma adecuada, de modo que chegue a transpore nunha expresión adecuada de si mesma. Este sería o término último en

(7) Renate Damus: “Ernst Bloch. Hoffnung als Prinzip - Prinzip ohne Hoffnung”, Ed. Anton Hain; Meisenheim am Glan (1971), p. 40.

(8) Ernst Bloch: “Subjekt - Objekt”, *op. cit.*, p. 409.

que a materia acaba conformarse a si mesma sen que esta conformación presente inadecuación ou privación e, por tanto, xa non existirá tendencia algunha a formas superiores. Desta forma, a materia contén en si unha referencia esencial a un término último no que se realice por completo, é o momento da identidade ou perfección absoluta. A materia renóvase a si mesma en formas sucesivas nunha especie de anxeo por acadar este momento de plenitude, é o entusiasmo da esperanza como lei dialéctica da materia mesma.

Poderíamos falar dunha inadecuación entre a esencia da materia e a súa existencia en canto que a materia é máis do que deica agora chegou a ser e por tanto, vese afectada por un principio interno de negación (Noch-Nicht-Sein). Este principio de negación é o que constitúe á materia “en proceso dialéctico” cara a plena identidade consigo mesma. A materia ten como determinación intrínseca primaria o ser-proceso, mais proceso cara un fin como telos. Bloch oponse tanto a unha concepción da materia en eterno proceso, en continuo devenir sen máis como a unha concepción estática como realidade fáctica xa totalmente presente. A materia é proceso en tensión cara a plena identidade consigo mesma é debe ser considerada como unha correlación de camiño e meta no xusto equilibrio: non debemos estancarnos nen na quietude da meta nen no puro devenir do camiño.

Bloch fala de unha “Wärmestrom” e de unha “Kältestrom” no marxismo: a materia como pura dinamicidade cara a telos falarianos do entusiasmo revolucionario da teoría-práxis e sería a corrente quente do marxismo, namentras que a materia determinada polo estatuto do seu propio desenrolo falaríanos dunha fría análise das circunstancias presentes para ver que tipo de estratexia se debe empregar cara a súa realización. Encóntranse sempre implicados o camiño e a meta, a análise das circunstancias e o descubrimento de horizontes.

Resumindo, poderíamos dicir que a determinación esencial da materia que nos vén a propor Bloch, sería a materia mesma, pois as distintas formas en que se vai configurando según as posibilidades de cada momento —e só nelas podemos recoñecer a súa esencia como manifestación— non son máis que pasos intermedios cara a coincidencia consigo mesma. Acontece algo así como un desdoblamento da materia para facela coincidir de novo consigo mesma en virtude dun proceso. Resulta claro que en Bloch hai moito de hegeliano (9); o último postulado da súa metafísica é a identidade (10).

2) Ontoloxía do non-ser-ainda

O existente é manifestación (“Seiendes ist Erscheinendes). Mais, manifestación, ¿de qué? O existente é manifestación dun “fondo” que non coincide coa mani-

(9) Heinz Kimmerle: “Die Zukunftsbedeutung der Hoffnung”, Ed. H. Bouvier u. Co.; Bonn (1966), pp. 89-96.

(10) Ernst Bloch: “Subjekt - Objekt”, *op. cit.*, pp. 489-510.

festación mesma. Manifestarse é devenir nun proceso tendido entre unha orixe ou comezo e unha meta ou fin. Para Bloch a pregunta pola orixe non ten relevancia especial, chégalle con constatar que de feito o proceso está en marcha.

O sentido do existente non hai que buscalo na súa orixe senón no seu destino, o fundamental non é o “de donde” senón o “cara onde”: “Die rechte Genesis ist kein Fiat, gar Faktum des Anfangs, sondern ein Versuch des Unterwegs und ein Problem des Endes” (11). (A xénese correcta non é un fiat nen tampouco un factum do comezo senón a teima do medio-camiño, é un problema do fin).

O ser do mundo ou existente e o valor ou mundo do ideal non coinciden, o mundo actual non acadou aínda o contido da realidade utópica. Este é o feito do que parte Bloch para elaborar a súa ontoloxía do “non-ser-aínda” ou a que poideramos chamar a ontoloxía da privación. Nesta ontoloxía hai tres categorías fundamentais: non, non-aínda, nada ou todo. “Ontologische Grundbegriffes hier werden also das Nicht, das Noch-Nicht, das Nichts oder aber das Alles als diejenigen ausgezeichnet, welche in abgekürztester Terminologie den intensiv sich bewegenden Weltstoff in seinen drei Hauptmomenten kenntlich machen” (12). (Sinálanse como conceptos ontolóxicos fundamentais: o non, o non-aínda a nada ou o todo como os que, en terminoloxía abreviada, designan a materia do mundo que se move intensivamente nos seus tres principais momentos).

Estas tres categorías sitúanse desta maneira: o “non” na orixe, o “non-aínda” na historia e a “nada ou o todo” ó final. “Nicht” habería que traducilo por “non” mais é un non que non é pura negación, é máis ben o non do non-ter que o non do non-ser pois é un non de algo existente en canto que se refire ó concepto de privación. Este “non” é algo real pois existe xa o seu “onde” que está reclamando a súa presenza. Este “non” é falla de algo e maniféstase como desexo por conquistar ese algo que lle falta. No proceso de manifestación da materia o “non” sinala o non manifestado aínda. En canto que este “non” indica a falta ou privación que reclama a presenza de aquilo de que se carece, este “non” pasa a ser un “non-aínda”. O “non” como orixe do movemento non pode ser equiparado á nada: é a diferenza entre “Nicht” e “Nichts”.

Se partimos da igualdade establecida na ontoloxía blochiana: existir = haber chegado a ser manifesto, quer dicir, ser acadado no proceso de autoconformación da materia, podemos dicir que a verdadeira realidade da privación é un “non-ser-aínda” (Noch-Nicht-Sein) ou un “non-ser-xa” (Nicht-Mehr-Sein) según chegue ou non a existir. Este “non” da privación é a orixe de todo movemento e por tanto hai que polo ó comezo de todo o proceso. A privación está ó comezo como o valeiro, o indeterminado o non-decídido. Con isto, temos que ó comezo o ser e a nada identifícanse en canto total inadecuación da esencia mesma coas formas de existencia que han ser manifestación daquela.

(11) Ernst Bloch: “Zur ontologie des noch-nicht-seins”, *op. cit.*, p. 39.

(12) Ernst Bloch: “Das Prinzip Hoffnung”, *op. cit.*, p. 357.

Trátase dunha inadecuación ou non-identidade entre o suxeito e o predicado, entre a esencia e a existencia ou entre a materia e a forma, pois no fondo, a materia é o substrato de toda realidade que se autoconfigura a si mesma en formas sucesivas e graduais movida pola inadecuación destas como expresión sua (13).

Todo isto ven a dicirnos que a realidade actualmente existente non coincide coa verdadeira realidade do ser. O existente é só un existente incompleto, é unha manifestación transitoria e incompleta da verdadeira realidade. De aquí pode deducirse un desdoblamento da existencia ou mellor aínda da realidade do existente: por unha banda, un existente fáctico ou manifestado, manifestación da virtualidade contida na materia e, por outra, a materia mesma no seo da que xa existe virtualmente o futuro que teima por chegar a manifestarse ou realizarse.

O todo ou a verdadeira realidade identifícase coa materia e é xa de algún modo existente, é máis, é a verdadeira realidade do real.

3) A categoría *posibilidade*

A ontoloxía que vimos de expor descansa directamente sobre da categoría de posibilidade que é pra Bloch a categoría principal de toda filosofía. A mediación entre o presente estado de cousas e o utópico concreto vennos determinada polo posible según os seus diversos estratos. Unha utopía concreta (e toda utopía debe ser concreta si ha de ser auténtica) só pode chegar a ser realizada dende as obxectivas condicións de posibilidade actualmente existentes. A categoría posibilidade está estreitamente relacionada co concepto de “non-aínda” que vimos de analizar.

Non podemos entrar aquí nas distincións dos catro diversos estratos da categoría de posibilidade en Bloch. Bástenos sinalar o posible obxectivo real (Das objektiv-real Mögliche) que é aquel que se atopa en xerme na historia e na natureza. Non é un simple poder ser sen consecuencias senón a anticipación categorial do movemento da materia en canto proceso, é o punto de avance do mesmo proceso: “... sie ist der spezifische Gebietscharakter gerade der Wirklichkeit, an der Front ihres Geschehens”. (E o carácter zonal específico, precisamente da realidade no fronte do seu acontecer) (14).

A materia, ó ir explicitándose en formas que xa estaban latentes nela dá lugar á evolución da natureza e ó desenvolvemento dos procesos históricos que en cada momento están condicionados polas formas emerxidas no momento anterior e fan posible, á sua volta, a aparición de novas formas como resultado da tensión entre calquer situación actual e a situación a que aspira.

O home, en canto afloración máis perfecta da materia, é o lugar onde esta se percibe a si mesma acadando conciencia e liberdade e ademais onde se comprende como posibilidade en tensión cara o futuro: a repercusión psíquica desta comprensión non é outra cousa que a esperanza.

(13) Ernst Bloch: “Zur ontologie des noch-nicht-seins”, *op. cit.*, p. 18.

(14) Ernst Bloch: “Das Prinzip Hoffnung”, *op. cit.*, p. 274.

No proceso de evolución da materia, dende a aparición do home, esta deixa de ser cega e percíbese a si mesma no home como conciencia. A evolución da materia pasa agora a ser percibida como a procura da identidade do ser consigo mesmo. Este é un feito decisivo porque dende agora a realidade é capaz de anticiparse a si mesma como representación, é capaz de coñecerse como posible.

Coa aparición do home, a materia non só chega a facerse consciente de si mesma senón que ademais, como o home ten capacidade de acción sobre o existente e pode darlle á súa acción unha determinada finalidade, a súa aparición dá lugar ó comezo da historia. A realidade desdóblase nunha realidade obxectiva que segue o ritmo xeral da evolución da materia e unha realidade subxectiva que a través do seu traballo pode dirixir, acelerar ou retardar e mesmo boicotear o proceso de evolución da materia, ou mellor da natureza. “Und der Prozesin diese Zukunft ist einzig der der Materie, die sich durch den Menschen als ihrer höchsten Blüte zusammenfast und zu Ende bildet... Menschen und Dinge sind in dieser Bahn vereint, auf diese Art hängen Mensch und Welt am besten zusammen” (E o proceso cara este futuro é unicamente o da materia que a través do home, como a súa afloración máis alta, concéntrase e lévase a termo... A humanidade e as cousas están unidas neste camiño, onde mellor confluen home e mundo) (15).

O traballo permitelle ó home humanizar a natureza e facerse expresión do seu destino. O factor subxectivo pasa a ser a posibilidade ilimitada de transformar as cousas, mentres que o factor obxectivo é a ilimitada potencialidade de ser transformado. Dase unha continua mediación entre ambos factores, unha reciprocidade dialéctica que decidirá sobre o destino do universo. A potencia subxectiva non coincide só co que cambia senón co que se realiza na historia e coincide tanto máis canto máis conscientes se fan os homes como artífices da súa historia. Isto constitúe o presuposto da fórmula que expresa o obxectivo da verdadeira mediación entre o home e a natureza: “Humanización da natureza e naturalización do home” (16).

Pedro Varela Gesto

(15) Ernst Bloch: “Das Prinzip Hoffnung”, pp. 285-286.

(16) Ernst Bloch: “Das Prinzip Hoffnung”, p. 241.